

Modificación concreción curricular EPA BERBÉS (36018884)

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE

- 1.Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2.Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)**
- 3.Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	<p>ETAPA: ESO</p> <p>O alumnado con ámbitos pendentes poderá matricularse no módulo seguinte e volver a cursalos nun grupo no que exista compatibilidade horaria.</p> <p>No caso de non existir dita compatibilidade:</p> <ol style="list-style-type: none">1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparten o ámbito que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos do ámbito e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:<ol style="list-style-type: none">a) Identificación da alumna ou do alumno.b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.g) Seguimento e avaliación.h) Acreditación da información á familia para alumnado menor de idade. <p>ETAPA: BACHARELATO</p> <p>O alumnado con materias pendentes debe matricularse nelas e cursalas o longo do curso.</p> <p>Se realizaran actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.</p>
1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	<p>ETAPA: ESO</p> <p>Na educación secundaria para persoas adultas o alumnado poderá estar cursando módulos diferentes nos distintos ámbitos de coñecemento e a promoción será por ámbitos de forma independente. Dentro de cada ámbito, o alumnado non poderá ser avaliado dun módulo sen ter superado previamente o precedente ou ter sido promovido a el.</p>

	<p>O equipo de avaliación, presidido polo titor ou titora do grupo, poderá decidir a promoción ao módulo seguinte do alumnado que fose avaliado negativamente nun dos módulos dun ámbito de coñecemento sempre que:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) A xuízo do equipo docente acadase o nivel de madureza que lle permita continuar con aproveitamento os estudos dese módulo seguinte. 2) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. <p>ETAPA: BACHARELATO</p> <p>O alumnado que opte por cursar calquera das dúas modalidades do bacharelato a distancia poderá matricularse do número de materias que desexe de primeiro ou segundo curso. En calquera caso, non se poderá matricular simultaneamente por primeira vez en materias coa mesma denominación nos dous cursos ou con contidos progresivos.</p> <p>Sen prexuízo do sinalado no punto anterior, no bacharelato a distancia semipresencial, o alumnado poderá matricularse do número de materias que desexe de primeiro ou segundo curso, sempre e cando exista compatibilidade horaria nas titorías lectivas respectivas. Para tal fin, unha vez formalizada a matrícula, a dirección do centro informará da necesidade de cambiar ou non a listaxe de materias elixidas.</p>
<p>1.3.Criterios de Titulación</p>	<p>ETAPA: ESO</p> <p>Os criterios de titulación na ESO son superar todas os ámbitos cursados, ou que se cumpran simultaneamente as seguintes tres condicións:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas. c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. <p>O equipo docente, sen menoscabo das súas competencias, entenderá que non se cumpre as aliñas b) e c) no seguinte caso: Sempre que o/a alumno/a non presentase algúns dos traballos obrigatorios, deixase probas en branco ou non se presentase, e/ou non realizase outras actividades de avaliación determinadas na programación do ámbito correspondente.</p> <p>ETAPA: BACHARELATO</p> <p>1. As alumnas e os alumnos que cursen o bacharelato polo réxime para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de</p>

	<p>bacharelato, ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:</p> <p>a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.</p> <p>b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada da materia por parte da alumna ou do alumno, non podendo superar o número de faltas non xustificadas o 25% do cómputo total das sesións.</p> <p>c) Que a alumna ou o alumno se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. A non presentación de traballos obrigatorios, a realización de probas escritas finais en branco e/ou non realización doutras actividades de avaliación determinadas na programación da materia correspondente, imposibilitara a titulación na excepcionalidade regulada neste punto.</p> <p>d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco (incluída a nota da materia non superada).</p>
--	---

2.Criterios do outorgamento de matriculas de honra (ESO/BAC)	
2.1.Criterios xerais	<p>ESO</p> <p>1.As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.</p> <p>2.Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que se concederá a mención a aquel alumnado cunha maior nota media en 4º curso da ESA. • En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio desfarase o mesmo recorrendo a nota media de toda a etapa. • De persistir o empate terase en conta o maior número de deces, noves, oitos, setes, obtidos no conxunto da etapa.

	<p>BACHARELATO</p> <p>1.O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.</p> <p>2.Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que se concederá a mención a aquel alumnado cunha maior nota media en 2º de BACH. • En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio desfarase o mesmo recorrendo a nota media de toda a etapa. • De persistir o empate terase en conta o maior número de deces, noves, oitos, setes, obtidos no conxunto da etapa. • Ter obtido matrícula de honra na ESA.
--	---

3. Aprobación e publicidade	
3.1 Aprobación	A concreción curricular se aprobará en claustro con data de 4 de maio do 2022, despois da súa valoración anterior na CCP do 20 abril de 2022.
3.2 Publicidade	<p>Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Data publicidade na páxina web do centro: 4 de maio de 2022. • Data información o alumnado por parte dos titores/as a través de Abalar móbil: 4 de maio de 2022